



ANPE INFORMA

ACCIDENTES EN ACTO DE SERVICIO

<http://www.mutuagallega.es>

PARA O PROFESORADO INTERINO, SUBSTITUTO E O PERSOAL NON DOCENTE

→ ESTÁ VOSTEDE DE BAIXA...?

→ **POR ACCIDENTE DE TRABALLO:** Enténdese por accidente de traballo toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión ou a consecuencia do traballo que execute por conta allea ([Artigo 115 da Lei Xeral da Seguridade Social](#))

→ **POR ENFERMIDADE PROFESIONAL:** Enténdese por enfermidade profesional a contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifican no cadro aprobado polas disposicións de aplicación e desenvolvemento da Lei Xeral da Seguridade Social, e que estea provocada pola acción dos elementos e substancias que no devandito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional ([Artigo 116 da Lei Xeral da Seguridade Social](#))

→ QUE FACER EN CASO DE...?

→ ACCIDENTE DE TRABALLO

Tomando como punto de partida o concepto de accidente de traballo establecido polo Art. **115 da LXSS** (“... **toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión ou por consecuencia do traballo que execute por conta allea ...**”), expóñense a continuación os pasos que hai que seguir ante un suposto accidente de traballo, todo isto encamiñado a conseguir a adecuada atención do accidentado e a súa pronta recuperación.

→ SOLICITAR ASISTENCIA MÉDICA

1. En casos de **urxencia vital, accidentes graves ou moi graves** chame á **liña asistencial 24 horas 900 825 525** (Este servizo telefónico dispón dun Call Center Medicalizado, cun equipo de profesionais sanitarios que atende e xestiona as urxencias médicas por accidente de traballo e enfermidade profesional, tanto en España como no estranxeiro. Para solicitar asistencia dende o estranxeiro deberá contactar a través do número + 34 881 91 74 70) ou contacte inmediatamente co **Servizo Público de Atención Sanitaria de Urxencias** da súa zona (**061, 112 ou similar**). Pasada a urxencia, unha vez que o traballador sexa atendido, a empresa deberá **poñerse en contacto canto antes con mutua gallega** para que lle indiquemos os pasos que debe seguir.

2. Nos casos restantes, **accidentes leves ou cando o traballador non requira asistencia urxente**, e sempre co fin de axilizar a atención ao accidentado, acuda ao centro asistencial de **mutua gallega ou concertado** máis próximo ao lugar do accidente, onde atopará persoal especializado en atención de urxencias derivadas de accidente de traballo. En caso de que descoñeza a súa localización pode chamar a liña asistencial 24 horas 900 825 525 ou consultar a nosa páxina web ([rede de centros](#))

A persoa accidentada debe acudir ao centro asistencial co [Talón Solicitud de Asistencia Médica](#), o cal axilizará os trámites de identificación do traballador e da empresa para a que traballa, o que reducirá os períodos de espera. En caso de que isto non sexa posible, deberá achegar algún documento que o identifique (DNI, Tarxeta Sanitaria,...). En caso de que a persoa accidentada non estea en condicións de expresarse ou o faga con dificultade será conveniente que acuda acompañado doutra persoa.



ANPE INFORMA

Para o caso de ser tido atendido previamente nun centro sanitario non incluído na red de centros asistencial, deberá aportar toda a documentación médica relacionada co caso.

Aínda que o traballador acuda sen Talón, prestaráselle así mesmo a asistencia sanitaria precisa, pero este debe ser remitido pola empresa á Mutua o antes posible (prazo 24 horas). Será importante que o talón se cubra coa maior **rigoriedade** posible, sobre todo no tocante á **descripción do accidente, a hora e o lugar**. Deberá informar de como se produciu o accidente, non das consecuencias deste.

O talón de asistencia non substitúe o parte de accidente, pero é un instrumento que permite axilizar a atención e contribúe á correcta cualificación das continxencias como profesionais ou comúns.

Nos casos en que o accidente sexa “*in itinere*” (**Os que sufra o traballador ao ir ou ao volver do lugar de traballo** - Art. 115.2 a) non será necesario achegar o talón de asistencia. A empresa limitarase a certificar o horario do traballador.

Unha vez prestada a asistencia sanitaria o traballador poderá atoparse nunha destas situacións:

1. Ante unha **continxencia común**. Neste caso entregaráselle o informe médico correspondente e remitirase ao Servizo Público de Saúde.

2. Ante un **accidente de traballo**. Esta cualificación poderá dar lugar a dúas situacións:

→ O traballador **non causa Baixa Médica**. Isto sucede cando o traballador só falta ao traballo o día do accidente, sen necesitar baixa médica. Nestes casos entregaráselle un certificado médico por duplicado (parte de asistencia sen baixa) e debe entregarlle á empresa un exemplar.

→ O traballador **causa Baixa Médica**: Prodúcese cando tras a asistencia sanitaria o traballador non pode continuar coa súa actividade laboral e necesita asistencia sanitaria. Neste caso expediráselle o correspondente parte médico de baixa por duplicado, e debe entregarlle unha copia a súa empresa no **prazo de 3 días**.

→ PRESTACIÓN ECONÓMICA

Mentres se encontre en situación de Incapacidade Temporal terá dereito a percibir, dende o día seguinte ao da baixa laboral e ata que sexa dado de alta, un subsidio equivalente a 75% da súa base reguladora (con carácter xeral base de cotización do mes anterior ao accidente ou baixa por enfermidade profesional) e o salario do día da baixa será a cargo do empresario.

→ **Pagamento Delegado**: A prestación de Incapacidade Temporal será aboada directamente pola empresa, e o seu custo será asumido pola Mutua a través do sistema de pagamento delegado.

→ **Pagamento Directo**: Se durante a situación de Incapacidade Temporal vostede causa baixa na empresa é a Mutua a que lle debe aboar a prestación de Incapacidade Temporal directamente (dende aquí pode acceder á [Solicitud de Pagamento Directo](#)). Tamén procede o pagamento directo do subsidio durante o período de prórroga da Incapacidade Temporal (a partir dos 365 días), entre outros supostos.

→ DURACIÓN

A duración máxima do subsidio de IT é de **365 días**, prorrogable outros 180 días cando se presuma que durante ese período pode ser dado de alta médica por curación.

Unha vez esgotado o prazo de duración de 365 días o INSS será o único competente para recoñecer a situación de prórroga expresa cun límite de 180 días máis, ou ben para determinar a iniciación dun expediente de incapacidade permanente, ou ben para emitir a alta médica, por curación ou pola falta de asistencia inustificada a recoñecementos médicos convocados polo INSS.

Así mesmo, o INSS será o único competente para emitir unha nova baixa médica cando se produza nun prazo de 180 días naturais posteriores á antes citada alta médica, pola mesma ou similar patoloxía.



ANPE INFORMA

Cando antes do prazo máximo de duración de 365 días, xa non se encontre incapacitado para o seu traballo, os Servizos Médicos de Mutua Gallega emitirán o parte médico de alta, e debe incorporarse ao seu posto de traballo ao día seguinte, momento no cal cesa o pagamento do subsidio de IT ao rematar a situación de incapacidade temporal.

Se tras o tratamento médico proporcionado lle restan secuelas definitivas, Mutua Gallega aboará as indemnizacións e pensións que a Entidade Xestora (INSS ou ISM) recoñeza tras a tramitación do expediente correspondente (para ampliar a información sobre estes aspectos pulse [aquí](#))

→ ASISTENCIA SANITARIA

A **Mutua Gallega**, como entidade colaboradora da Seguridade Social na cobertura de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, xestiona ademais da prestación económica por Incapacidade Temporal, a asistencia sanitaria dende o mesmo momento en que se produce o accidente de traballo ou enfermidade profesional.

Polo tanto, a asistencia sanitaria, en caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional, correspóndelle á Mutua prestala se ten cubertos os ditos riscos (e non ao Servizo Público de Saúde), a través dos seus servizos médicos propios ou concertados ([liña asistencia 24 horas](#)).